

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Viveiro para a execución do proxecto denominado Renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Viveiro un convenio para a Renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 16 de xaneiro de 2026 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).



Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Viveiro o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Viveiro para a Renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Viveiro manifestou a necesidade extraordinaria e urgente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución do proxecto de *Renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso (Viveiro)*, consistente en anular o colector existente eliminando a situación de risco actual executando un novo colector por vías de titularidade pública con cruce na liña férrea Ferrol-Xixón.

A intervención responde a unha situación de inaprazable necesidade e carácter sobrevido derivada do estado de colapso técnico do colector de saneamento que discorre polo lugar de Paraíso. Esta infraestrutura, situada baixo unha parcela de titularidade privada, presenta roturas estruturais de gravidade que provocan constantemente o verquido de augas residuais, xerando un foco de contaminación directa e un grave risco para a saúde pública debido á proliferación de roedores e malos cheiros.

A situación, xa de por si crítica, agravouse como consecuencia das intensas precipitacións rexistradas nos primeiros meses do ano 2026. Estes fenómenos meteorolóxicos agravaron significativamente as filtracións e provocaron afundimentos no terreo que comprometen a seguridade estrutural de edificacións próximas, especialmente da vivenda situada no número 46 do Barrio do Paraíso. Esta conxuntura, de natureza sobrevida e non programable, esixe unha resposta inmediata por parte das administracións públicas para evitar danos irreversibles no medio ambiente, tales como a contaminación de augas subterráneas, e para garantir a seguridade dos residentes na zona.

Desde o punto de vista técnico, a actuación proxectada presenta unha singularidade que impide a súa tramitación polos canles ordinarios de concorrencia pública. A necesidade de anular o colector actual en solo privado e executar un novo trazado por vías públicas implica unha complexidade administrativa e técnica elevada, que inclúe o cruce da liña férrea Ferrol-Xixón baixo autorización expresa de ADIF. A dilación temporal que suporía o sometemento desta intervención a un procedemento de concorrencia pública resultaría incompatible coa urgencia de deter os vertidos e estabilizar o terreo.

Dada a insuficiencia de medios económicos do Concello de Viveiro para afrontar esta actuación, resulta imprescindible a colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.



Por todo o anterior, considérase plenamente xustificada a urxencia da actuación e a necesidade de contar co apoio financeiro solicitado para poder levar a cabo, coa maior celeridade posible, as obras de renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso .

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo Concello de Viveiro e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Viveiro. O Concello de Viveiro manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución do proxecto de Renovación e ampliación da rede de saneamento no lugar de Paraíso consistente na súa renovación e actuacións puntuais na galería do centro de saúde.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS DOCE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (46.812,58€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (C.P. 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local
Natalia Prieto Viso
(documento asinado electronicamente)

